

# Inmigración e violencia de xénero

Verde Diego, Carmen

Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa

Universidade de Vigo

carmenverde@uvigo.es

**RESUMO.** Este artigo aborda a violencia de xénero que sofren as mulleres inmigrantes en España. Tenta explicar cáles son os principais factores que provocan que estas mulleres sexan máis vulnerables á violencia de xénero que outras que non viviron procesos migratorios. Isto é, pretende dar resposta ao por qué a inmigración constitúe un agravante engadido á violencia machista.

Comézase cun apartado destinado a clarificar algunhas cuestións en relación ás investigacións sobre as migracións das mulleres e a súa análise a partir da categoría de xénero: é unha introdución necesaria para comprender a "invisibilidade" do fenómeno da violencia de xénero entre as mulleres inmigrantes.

Continúase coa cuestión central deste traballo: as *cifras* sobre violencia de xénero en mulleres inmigrantes que residen en España. As Fontes sobre violencia de xénero e o tratamento da presentación dos datos estatísticos mostran cómo se ten ocultado ou sesgado o impacto da violencia de xénero entre as mulleres inmigrantes.

Pero as *cifras* son soamente unha introdución para aprofundar nos factores que agravan a violencia de xénero entre este colectivo. Estes son analizados poñendo o acento, en primeiro lugar, nos condicionantes que o xénero provoca nas persoas cando migran, isto é analizando cómo as mulleres vivencian os procesos migratorios de forma diferenciada a dos inmigrantes varóns. En segundo lugar, profúndase nas características que posúen e nas situacións que viven as mulleres inmigrantes para comprender mellor os factores que as converten en persoas máis vulnerables á violencia de xénero que outras mulleres que non experimentaron unha migración.

O artigo finaliza cunha reflexión persoal sobre a idoneidade e eficacia da lexislación española, dos sistemas de protección e da intervención social coas mulleres inmigrantes vítimas de violencia de xénero.

**PALABRAS CLAVE:** Inmigración feminina, invisibilización, violencia de xénero, factores de vulnerabilidade, intervención social

## 1. – Introducción ao tratamento das mulleres nos estudos migratorios

A pesar de ter participado intensamente nas migracións, as mulleres foron invisibles para os estudosos ate hai ben pouco. Esta *invisibilidade* foi resultado, entre outros, da mirada miope e sexista da "Academia" que concibía ao *migrante* como un suxeito *produtivo* e subestimou ás mulleres inmigrantes polo tipo de traballo maioritariamente *reprodutivo* que levaban a cabo ao substituír as mulleres europeas nos servizos de proximidade, limpeza e mantemento do fogar, coidado de menores, de maiores, de persoas discapacitadas... sen recoñecer ni poñer en valor o aporte económico e social deste traballo.

Este non foi mais que un proceso replicado: as mulleres de todo o mundo non *existiron* aos ollos dos investigadores en tanto en canto non accederon aos espazos públicos, e cando se incorporaron ao mercado laboral "produtivo" foron as inmigrantes que as supliron na *internacionalización das labores de reprodución* as que quedaron novamente *invisibilizadas* xa que nas investigacións relativas ás migracións sempre se puxo o acento no inmigrante como "suxeito produtor" e a súa función económica nos países receptores, infravalorando os aportes das mulleres inmigrantes.

A finais dos anos oitenta tómasese conciencia deste "baleiro conceptual" nas estatísticas e investigacións sobre migracións en relacións ás mulleres, e o Feminismo promoveu a revisión e crítica das teorías explicativas *tradicionais* sobre migracións como as da atracción-expulsión ou desenrolo-subdesenrolo comezando a introducir o *xénero* como categoría de análise.

Segundo Malika Abdelaziz, Alfonso Cuadros e Lourdes Gaitán (2005) os principais conceptos aportados polo feminismo para aprofundar na análise dos procesos migratorios foron: a) o propio concepto de xénero<sup>1</sup>; b) a distinción entre a *producción e reprodución*<sup>2</sup>; c) e a invisibilidade das mulleres.

Mais recentemente serviron de categoría de análise das migracións o "grupo doméstico"<sup>3</sup> e as "redes migratorias"<sup>4</sup> co que se puido profundar tanto na explicación sobre a xénese como o

1 Para os estudos migratorios, o "xénero" é especialmente interesante en canto que, por un lado, existen comunidades con grandes diferenzas de xénero na súa orixe que reproducen no país de acollida as desigualdades; e por outro, van explicar cómo se determinan os propios fluxos migratorios decidindo sobre quen migra e quen non ("xenerización da inmigración"). Sin ser exhaustivos, non podemos deixar de citar as investigacións pioneiras de Saskia Sassen (1992); A.Gunder Frank (1991) quen analizou a *feminización da inmigración* como resultado da *feminización da pobreza*; Mirjana Morokvasik (1984) quen vinculou o capitalismo co patriarcado e Carmen Gregorio Gil (1998).

2 A distinción entre "producción e reprodución" serviu para profundar en cómo se valoriza ou non o papel das mulleres inmigrantes. Hai que salientar por unha parte que moitas mulleres cando migran mudan as tarefas que realizaban nos seus países de orixe (moitas dedicábanse ao pequeno comercio, producións artesanais, etc.), e por outra que se vai producir unha "internacionalización das labores de reprodución" coa conseguinte infravaloración das mulleres, como investigou Laura Oso (1998) analizando a transferencia internacional do traballo reprodutivo entre o Sur e o Norte.

3 A través da análise do *grupo doméstico* visibilízanse as relacións de poder e de autoridade. Normalmente será o grupo doméstico quen determine e decida si a muller emigra ou non o fai. Tamén explica a migración en termos de estratexia do grupo para a súa propia supervivencia, en especial nas clases máis desfavorecidas.

4 As *redes migratorias* explican cómo se relacionan os inmigrantes entre os países de orixe e de acollida. Ao principio os estudos das redes migratorias daban por suposto que estaban "organizadas" e dirixidas por homes. Pero ao interpretar estas redes baixo unha perspectiva de xénero explícase cómo son unha das principais formas de procurar e de conse-

mantemento no tempo das migracións (Carmen Gregorio Gil, 1998; Sonia Parella, 2003; Iria Vázquez Silva, 2006, 2008, 2014).

Hoxe en día xa se ten profundado na análise da feminización do discurso migratorio (Laura Oso e Garson, 2005) e nas dificultades específicas das mulleres inmigrantes como elemento clave para comprender a súa calidade de vida nos países de acollida (Equipo CATEP, 1999<sup>5</sup>; Malika Abdelaziz e outras, 2005; Verde, 2006, 2008<sup>6</sup>, 2011; SOS Racismo, 2010; Raquel López Merchán, 2013).

Sen embargo, a pesar dos grandes avances producidos nas investigacións sobre migracións a partir da súa análise de xénero, seguen existindo estatísticas e estudos que omiten a relevancia e a especificidade das mulleres en determinadas situacións: é aínda o caso das investigacións relativas ao impacto da violencia de xénero en mulleres inmigrantes.

## 2.– As cifras da violencia de xénero nas mulleres inmigrantes

### 2.1. A insuficiencia das fontes de documentación

As **principais fontes** sobre ás que se acude en España para obter información sobre a violencia de xénero son normalmente:

- as Macro-enquisas (1999, 2002 y 2006) do *Instituto de la Mujer*;
- os *Boletíns Estadísticos Mensuais do Goberno de España (Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad)*;
- os datos do *Consejo General del Poder Judicial (Observatorio contra la Violencia Doméstica y de Género)*
- a Macro-enquisa de Violencia de Xénero 2011 (encargada pola *Delegación del Gobierno para la violencia de Género ao Centro de Investigaciones Sociológicas –CIS-*).

Da análise crítica destas fontes podemos deducir que ten *invisibilizado* o impacto da violencia de xénero que sofren as mulleres inmigrantes en España, e isto por tres principais razóns:

.....  
 guir traballo *entre e para* as mulleres (sobre todo no servizo doméstico) xa que funcionan como "rede de información e de confianza" e conforman un dos elementos máis determinantes para decidir sobre o feito de emigrar. Son sumamente interesantes a este respecto as investigacións de Iria Vázquez (2006, 2008, 2014).

5 Constituído por Adela Franzé Mudanó, Lorenzo Casellas López e Carmen Gregorio Gil.

6 Carmen Verde (2008) foi a Investigadora Principal do Proxecto ISMI: *A integración social das mulleres inmigrantes. O equipo de investigación estivo constituído por Carmen Verde, Andrea Alonso, Elena Muguerza, Celsa Perdiz, Iria Vázquez, Touria Kalai. O Informe ISMI está Pendente de publicación.*

1. Non pareceu determinante ate o ano 2006 preguntar nestas enquisas **ás mulleres si eran ou non inmigrantes**.
2. Na Enquisa de 2011 preguntouse as mulleres pola súa nacionalidade de nacemento, o que comporta ambigüidade conceptual<sup>7</sup>.
3. Na mesma enquisa infra-representouse o colectivo inmigrante ao preguntárselle ao 7,5% de "nadas no estranxeiro" cando o peso das persoas estranxeiras residentes en España no ano de referencia da enquisa (2010) era do 11,4% según datos do INE.

## 2.2. A "frialdade" da presentación "obxectiva" dos datos

Si as Fontes de información supoñen un sesgo no estudo da violencia de xénero entre as mulleres inmigrantes, a **presentación dos datos**, en especial nos medios de comunicación, tamén comporta serios inconvenientes xa que ao ser "obxectivamente" formulados en termos "absolutos" non teñen en conta o *peso relativo* das persoas estranxeiras (4.870.487) en relación ás de nacionalidade española (41.739.165) que supoñen o 10.45% da poboación total en España: 46.609.652 persoas segundo datos do INE do 2013.

Así cando se afirma que das 54 mulleres asasinadas en 2013 en España: 40 eran españolas e 14 estranxeiras, parece que o número de mulleres inmigrantes vítimas de violencia de xénero no Estado español é relativamente baixo. Pero ao facelo deste xeito, non se ten en conta que a poboación estranxeira é 10 veces inferior que a española e que, en realidade, si fixéramos unha "equivalencia" estas cifras nos dirían que polas 40 mulleres asasinadas españolas **é como si tivesen morto** 140 estranxeiras en relación ao total de inmigrantes en España... Así computadas, as cifras da violencia de xénero que sofren as mulleres inmigrantes, convértense en escalofriantes.

Superar a "frialdade" das cifras estatísticas ten sido preocupación, entre outros, do *IV Informe Anual del Observatorio estatal de la Violencia sobre la Mujer* (2011), no que xa se indicaba que a taxa media de mulleres españolas vítimas mortais de violencia de xénero era do 2.6% mentres que a de vítimas estranxeiras era do 12%.

Si se fai unha análise porcentual, a incidencia da violencia con resultado de morte sería en porcentaxes de 100.000 mulleres (o estándar internacional) do 117.1 para as españolas (2011) mentres que do 381.6 para as nadas no estranxeiro. En resumo, as mulleres estranxeiras presentan unha incidencia de morte por malos tratos que **triplica** a das mulleres de nacionalidade española.

7 A nacionalidade non é sinónimo de "inmigración". Mulleres españolas poden ter nacido no estranxeiro (pénsese nas moitas galegas nadas en países de emigración dos seus proxenitores) e mulleres inmigrantes poden ter tido nacionalidade española ao nacer: pénsese nas moitas iberoamericanas que herdaron a nacionalidade dos seus proxenitores sen ter coñecido España ate a súa migración.

A realidade é que se produce unha maior prevalencia do maltrato de xénero entre as mulleres estranxeiras en relación as españolas en tódolos grupos de idade, nivel educativo (*superior nas estranxeiras*), situación laboral, estado civil, ou situación de dependencia. E en tódalas situacións relacionados coa violencia de xénero (nº de mortes, nº de denuncias, nº de ordes de protección) a incidencia sobre as inmigrantes é moi superior que sobre as mulleres que non migraron.

Este feito provocou que no seu día o *Ministerio de Igualdad* dirixido por Bibiana Aído, tivese iniciado un "*Plan específico de atención a las mujeres inmigrantes maltratadas*" (2009-2012), sendo conscientes da maior vulnerabilidade das mulleres inmigrantes ante a violencia de xénero.

Pero, ¿por qué son as mulleres inmigrantes, mais vulnerables á violencia de xénero? ¿incide o feito de que sexan inmigrantes na súa maior vulnerabilidade á violencia?

## 3. – Factores que inciden na maior vulnerabilidade das mulleres inmigrantes á violencia de xénero

### 3.1. O xénero como agravante da inmigración

O xénero ten sido analizado como agravante das condicións de vida das mulleres nos procesos migratorios. Moitas investigadoras teñen analizado por qué as migracións afectan mais as mulleres que aos seus compañeiros varóns e as converten en persoas mais vulnerables que estes. Carmen Verde (2006, 2008, 2011) profundou nestas dificultades específicas asociadas a cada unha das fases do "proyecto migratorio" das mulleres<sup>8</sup>: por exemplo, atendendo ao momento da "preparación para a saída do seu país de orixe", as mulleres sofren con maior intensidade pola separación das súas familias (incluíndo os/as fillos/as) e polas cargas familiares que deixan no seu país, o que provocará logo, que durante a súa estancia no país de acollida o seu dó migratorio sexa mais intenso que nos inmigrantes varóns, feito que, a súa vez, as vai a converter en mais vulnerables psicoloxicamente.

Téñense identificado por parte das investigadoras (entre outras, Malika Abdelaziz, 2005; Verde, 2006, 2008, 2011; SOS Racismo, 2010; Raquel López Merchán 2013) alomenos as seguintes situacións no país de acollida que producen maior vulnerabilidade nas mulleres inmigrantes fronte aos seus compañeiros varóns:

1. Sinten de por sí unha maior fragilidade emocional e psicolóxica producida pola separación das súas familias e da súa cultura
2. Viven a súa vida cotiá cun nº maior de estresores que lles dificulta afrontar calquera situación de dificultade

8 Analizou os procesos migratorios en cada unha das súas fases: a) Motivación para a emigrar; b) Preparación para a saída; c) Preparación da viaxe; d) Realización da viaxe; e) Chegada; f) Reaxuste de expectativas; g) Estancia; h) participación social normalizada; i) problemas emocionais; j) Relacións transnacionais.

3. Sofren en gran medida un peche doméstico (moitas mulleres inmigrantes van a permanecer nas súas casas e outras van traballar internas no servizo doméstico)
4. Teñen escaseza de tempo libre e limitada dispoñibilidade para relacionarse ou participar socialmente
5. Manteñen relacións de amizade dentro do colectivo o cal pertencen (illamento “endogámico”)
6. Soportan o illamento social e a atrofia das relacións persoais, en especial, con autóctonos
7. Teñen unha maior precariedade laboral
8. Asumen maiores cargas familiares -as veces non compartidas- engadidas ás cargas laborais múltiples: moitas inmigrantes realizan varias xornadas laborais para compensar as baixas remuneracións (familias monoparentais con cargas familiares, xefas de fogares transnacionais...)
9. Sobrelevan unhas relacións de xénero coas súas parellas a miúdo conflitivas
10. Vivencian unha falla de autoafirmación sexa como consecuencia da posición subalterna que ocupan na sociedade de acollida, sexa por valores da cultura de orixe.

### 3.2. A inmigración como agravante da violencia de xenero

Tal e como acabamos de ver o feito de ter migrado sitúa as mulleres inmigrantes en posicións de maior vulnerabilidade que si fosen inmigrantes varóns. Pero ademais, as situacións que viven en tanto que mulleres inmigrantes predispóñenas a unha maior vulnerabilidade ante situacións de violencia de xénero que as que sufrirían mulleres que non teñen migrado e isto polas razóns que se expoñen a continuación e que se presentan intercalando opinións de mulleres inmigrantes recollidas nunha interesante investigación cualitativa realizada pola *Agrupación de Desenvolvemento Nexos* sobre violencia de xénero (2008).

## 4. – Os condicionantes da carga cultural

As inmigrantes identifican a “violencia de xénero” a partir da súa propia **carga cultural** manifestando diferenzas respecto da **conceptualización** da mesma; respecto de **por qué se produce**; da **“tolerancia social”** respecto a ela; e de **cómo se debe afrontar**.

Así teñen manifestado respecto do concepto de *violencia de xénero* que: “*Allí nos pegan, aquí las matan*” (Grupo de Latinoamericanas) ou “*Llega a pegarla pero no a matarla*” (Grupo Magreb) para concluir que “*Aquí se ve, aquí se sabe*” e que a violencia de xénero “*no sólo es pegar*”

facendo fincapé na intensidade do maltrato psicolóxico que identifican como fulcral en relación á violencia machista: “*El maltrato psicológico es peor que el físico*” (Latinoamérica); “*el insulto, la amenaza y la coacción con los hijos*” (Latinoamérica); “*Llevo tres años en España y él en mi país. Me amenaza por teléfono. Que qué hago en un país europeo sin control, que hay mucha libertad, que si viene aquí y se entera de cualquier cosa. Tengo que llevar el móvil hasta en el servicio porque tiene que saber donde estoy en cada momento. Dice que me matará...*” (Magreb).

A carga cultural tamén explica diferenzas sobre a **“tolerancia social”** e a propia **“tolerancia das mulleres”** ante a violencia de xénero que se lles infrinxe poñendo como *escusa* a maior *abnegación* das mulleres nas súas culturas de orixe fronte a “lixereza” das españolas respecto do “amor á familia”: “*allá las mujeres aguantan más porque mantener a la familia es más importante que aquí*” (Latinoamericana); ou do amor ao marido: “*allí se aguantaba más por amor que aquí...*” (latinoamericana); ou incluso xustificando a violencia dos varóns -inculcada e interiorizada a partir de valores relixiosos- ante a rebeldía das mulleres que supón por parte delas “una provocación”: “*Es que no hay que echarle la culpa solo a los hombres, también las mujeres provocan a los hombres y hay un momento que el hombre explota. Había un sacerdote que decía que la mujer siempre está dale que dale hasta que llega un momento que el hombre...*” (Latinoamericana).

Como fruto da carga cultural, en ocasións apréciase unha **escasa autoestima e falta de empoderamento** por parte das mulleres sexa procedente da posición subalterna na cultura de orixe (machismo), sexa polo lugar que ocupa a inmigrante na sociedade de acollida (infravaloración) provocando, en todo caso, a **inmovilización das mulleres inmigrantes** ante posibles situacións de violencia machista. “*Yo personalmente no iría a denunciar a mi marido, nunca por mucho que me pegue, por mucho que me maltrate yo no denunciaría a mi marido, nunca. Yo no podría denunciarle porque, por respeto a mi primero, porque yo no quiero un juicio. Cortarlo por lo sano, eso si lo podría hacer pero denunciarlo jamás en la vida*” (Magreb).

## 5. – As relacións de xénero, a miúdo, conflitivas

As mulleres inmigrantes reproducen, nalgúns casos, roles tradicionais desigualitarios asociados o das “esposas abnegadas” e as súas labores **esencialmente femininas** de limpeza do fogar, coidado dos/as fillos/as, sumisión ao marido, complacencia sexual, etc.

Isto soe provocar **relacións de xénero a miúdo conflitivas** sexa pola dependencia emocional e/ou económica das súas parellas, ou pola non aceptación dos varóns de roles igualitarios na sociedade de acollida: “*Antes la mujer y el hombre se ponían de acuerdo. Antes la mujer no trabajaba. Pero ahora el mundo ha cambiado. La mujer tiene que trabajar y llevar su casa y él también tiene que ayudar en la casa [...] Pero cuando él no quiere colaborar empieza la violencia. Ella reclama y por eso empieza la violencia*” (Magreb).

As relacións conflitivas prodúcense non soamente si existe **dependencia económica** senón tamén si existe **independencia** por parte das mulleres xa que esta situación subverte o *status quo* tradicional que é interpretado polos varóns machistas como perda de estatus e humillación na súa concepción de home "provedor" da familia...

## 6. – A dificultade para manter o control sobre a propia sexualidade e poder acceder aos dispositivos sanitarios no que respecta a saúde reproductiva e sexual

Ligado ao anterior, detéctase nas mulleres inmigrantes unha maior dificultade para manter o **control sobre a súa sexualidade**, as veces claramente identificado con violencia sexual: *"También la forma de practicar el sexo que muchas veces hay algunos que de una forma violenta, o de hacerlo de practicar posturas que a lo mejor a tí no te gustan o están prohibidas por tu religión o tu cultura"* (Magreb).

E así mesmo manifestan maiores dificultades para **acceder aos dispositivos sanitarios no que respecta a saúde reproductiva e sexual**, as veces por descoñecemento, as veces por imposición dos varóns: *"Mi prima tiene siete niños y el marido le pega y no quiere que se ponga el DIU. Fue antes de anoche que le dió una paliza porque si se pone el DIU va a ser una puta: ¡Claro qué quieres ¿estar con miles de hombres? Como no vas a salir preñada! Así le habla pero con modales más feos"* (Latinoamericana).

## 7. – As dificultades engadidas das mulleres inmigrantes reagrupadas

A dependencia económica e familiar das mulleres inmigrantes é case absoluta cando acceden ao país de acollida en calidade de "reagrupadas familiares" xa que non se senten –e non son consideradas por igual que os seus maridos, protagonistas eles do proxecto migratorio do cal elas son soamente "adxuntas" tanto socialmente como tamén legalmente.

De separarse unha muller inmigrante reagrupada pode converterse en inmigrante irregular ao estar o seu permiso de residencia ligado ao do seu esposo. Isto provoca que as mulleres soporten situacións vitais coas que non están conformes (por exemplo que se lles impida traballar) e sufran resignadamente escenarios de violencia familiar: *"yo todavía no he trabajado, llevo aquí 10 años, mi marido no me deja trabajar... El tiene su trabajo, esto es suficiente para nosotros, la familia. Tengo que obedecer, sin maltrato."* (Magreb).

## 8. – A maior precariedade laboral e o illamento familiar e social

As mulleres inmigrantes soen ter maior precariedade laboral que outras mulleres (como en xeral, tódolos inmigrantes) o que comporta maior dependencia económica, maiores problemas eco-

nómicos, maior incapacidade para procurar unha vivenda independente, en definitiva, maiores dificultades en caso de desexar separarse.

As mulleres inmigrantes, sexa por ter cargas laborais múltiples para compensar as baixas remuneracións (varios traballos), sexa por ter cargas familiares non sempre compartidas cos seus compañeiros, sexa por imposición das súas propias parellas, soen ter importantes **limitacións na posibilidade da súa participación social**.

O seu illamento "endogámico" coa parella ou dentro da propia comunidade inmigrante dificulta a súa posibilidade de afrontar situacións de maltrato xa que normalmente adoitan ter moi **pouco apoio do entorno familiar** (si existe), e **poucas redes de apoio social** para facerlle fronte á violencia: *"Y si tiene familia aquí, su madre o algo así, puede ir a casa de su madre. En mi país no se permite eso, pero si digo que me maltrata la primera cosa es un arreglo de familia"* (Magreb).

O illamento endogámico na propia comunidade é en moitas ocasións un verdadeiro impedimento para facerlle fronte ao maltrato xa que o propio grupo migratorio presiona e impide que se realicen denuncias ou que a muller vítima de violencia se vexa libere do entorno do agresor, ao ter establecido redes de apoio familiar relacionadas con él, ou incluso ao convivir coa súa familia (nai, pai, irmáns, curmáns...).

## 9. – O descoñecemento da lexislación, dos dispositivos e dos recursos existentes en materia de violencia de xénero e a desconfianza sobre os sistemas de protección

O comentado ate aquí pon de manifesto que moitas mulleres inmigrantes descoñecen a **lexislación, os dispositivos e os recursos** existentes en materia de violencia de xénero e que aquelas que si os coñecen non confíen nas *institucións de "protección"* do Estado español. Certamente teñen motivos para desconfiar da seguranza que lles pode proporcionar o Estado, como imos ver.

Hai que sinalar que ás mulleres inmigrantes se lles aplica unha dupla lexislación: por unha parte a propia normativa existente en España sobre violencia de xénero e por outra a Lei 2/2009 de estranxeiría.

*En principio* as mulleres inmigrantes con situación administrativa regular teñen os mesmos dereitos que as españolas no que respecta á protección fronte á violencia de xénero, pero as súas circunstancias persoais como persoas inmigrantes como o seu illamento ou compartir vivenda coa familia do agresor lles impide, na práctica, denunciar.

No caso das mulleres inmigrantes en situación de irregularidade, as dificultades son moito maiores. Aínda que se teña modificado o art.31 da Lei 2/2009 outorgándoselle:



a) autorizacións de residencia e traballo con carácter provisional dende a orde de protección ou por orde do Ministerio fiscal,

b) orde de protección aos familiares a cargo da vítima durante o proceso,

c) autorización definitiva ao finalizar o procedemento penal **si hai condena**,

a realidade é que moitas mulleres non atopan na lexislación española e nos seus sistemas de protección un marco de seguridade fronte a violencia de xénero. Por exemplo, as mulleres que comparten vivenda coa familia do agresor, aínda que teñan ordes de alonxamento para eles, vense abocadas a permanecer en fogares que supoñen un alto risco para a súa seguridade persoal e a dos seus fillos e fillas.

Así mesmo, as ordes de protección teñen carácter provisional xa que logo, de non confirmarse una sentenza condenatoria para os agresores –difícil por exemplo en casos de violencia psicolóxica–, ás mulleres abríraselles de inmediato un expediente de orde de expulsión do país.

Este procedemento legal, en vez de animalas a denunciar é altamente disuasorio para elas: *“porque todos te dicen, no te van a creer porque tú estás sin papeles, estás ilegal. Y siempre pensamos que si lo denunciamos nos van a deportar...”* (Latinoamericana).

## 10. – O sentimento de medo e de fracaso ante a frustración do proxecto migratorio

Revisados estes factores e sendo este o escenario probable para unha muller inmigrante vítima de violencia de xénero, é lóxico que estas mulleres sintan **mais medo** que o resto das mulleres xa que non dispoñen de apoios suficientes que lles possibiliten superar a súa situación sin gravísimos custos para o seu proxecto vital.

As mulleres inmigrantes temen **–e realmente poden– perder aos seus fillos/as, perder a residencia** e incluso **ser expulsadas do país** si se atreven a denunciar: *“el que no tiene papeles, por el miedo a que le van a regresar, mucha gente no lo hace”* (Latinoamericana).

No caso das mulleres inmigrantes, á sensación de illamento, soedade e medo, únese o **sentimento de fracaso do seu proxecto migratorio** si perciben que unha denuncia por malos tratos as pode levar de regreso ao seu país de orixe coas implicacións que iso comporta: frustración persoal, regreso a un país as veces en conflito **bélico ou con extrema pobreza**, retorno a una sociedade con sistemas de xénero altamente discriminatorios, volta con débedas económicas adquiridas en ocasións coa propia familia: *“Y muchas veces tenemos deudas y todo eso...”* (Latinoamericana).

Así, as mulleres inmigrantes poñen por riba da súa propia seguridade persoal, a dos seus fillos e fillas: *“yo me quiero a mi misma pero a mi hijo lo quiero más que a mí. Yo soy la que protejo a mi hijo* (Magreb).

En definitiva, estas mulleres inmigrantes priorizan a idea de permanencia en España - o “éxito” do seu proxecto migratorio-, aínda que para iso teñan que soportar situacións de violencia machista: *“Yo le digo que lo denuncie y ella dice que hace todo por el hijo y dice ‘¿yo, adonde me voy?’: Es el miedo* (Latinoamericana).

## 11. – Conclusións

Podemos concluir polo tanto, que a exposición das mulleres inmigrantes á violencia de xénero é maior que para o resto das mulleres; que a violencia que se lles infrinxe é de maior intensidade e que, en xeral, se atopan mais *bloqueadas* e limitadas para afrontala.

Todo ilo vai provocar que as mulleres inmigrantes que sofren violencia de xénero, a sufran en maior medida, a toleren en maior grao polas súas circunstancias persoais como “persoas inmigrantes” e aparezan nelas con frecuencia síntomas como gañas de chorar “sen motivo”, dores de cabeza, tristura ao pensar e sentir que non valen para nada, baixa auto-estima, etc.

En definitiva, a análise destes factores, entre outros, ofrece unha boa explicación do por qué o número de vítimas de malos tratos entre as mulleres inmigrantes é maior que o existente entre as españolas, e que o número de estranxeiras mortas por violencia de xénero triplique o das españolas.

Non podemos deixar de preguntarnos, para rematar, si se está facendo realmente todo o que se pode para evitar este impacto escalofriante da violencia de xénero entre as mulleres inmigrantes. A nosa resposta é negativa.

En primeiro lugar porque consideramos que a lexislación non protexe suficientemente as mulleres inmigradas en España, en especial as que viven en situación administrativa irregular, e que a súa valentía para denunciar a violencia de xénero que se lles pode estar infrinxindo non atopa garantías suficientes de protección por parte do Estado que, polo contrario, as pode vitimizar dobremente ordeando a súa expulsión de España, se non se acadan probas concluíntes para condenar aos seus agresores.

Por outra banda, consideramos que tampouco a intervención social con estas mulleres é especializada: necesitanse profesionais nos dispositivos de saúde, nos servizos sociais, nos corpos de seguridade do Estado, que ademais de estar especializados na intervención social con mulleres en situación de violencia de xénero o estén na intervención social coa inmigración dada a especificidade que comporta esta experiencia vital para as mulleres que migran.

En definitiva, necesítase unha maior atención ao fenómeno da violencia de xénero sufrido polas mulleres inmigrantes e unha intervención integral para elas atendendo a súa maior vulnerabilidade ante a violencia polo feito de ser migrantes.

## Bibliografía

Abdelaziz Malika; Cuadros Alfonso; Gaitán Lourdes (2005): *La intervención social con colectivos inmigrantes*, Madrid, Universidad Pontificia de Comillas.

Agrupación de Desarrollo Nexos (2008): *No sólo es pegar. Discursos de mujeres inmigrantes en torno a la violencia de género*, Edita: Autor y Subdirección de Postgrado e Investigación Trabajo social Univ. Complutense, Madrid.

Equipo CATEP (Franzé Adela; Casellas Lorenzo; Gregorio, Carmen) (1999): "Intervención social con población inmigrante: peculiaridades y dilemas", *Migraciones* Nº 5, 25-54.

Gregorio, Carmen (1998): *Migración femenina. Su impacto en las relaciones de género*, Narcea, Madrid.

Gunder Frank, A. (1991): *El desarrollo del Subdesarrollo*, Iepala, Madrid.

Irazu Ainhoa; Arnos Maitane (2010): *Guía para el empoderamiento de la mujer inmigrante frente a la violencia de género*. MUGAK SOS ARRAZAKERIA GIPUZKOA, Guipuzcoa.

Mirjana Morokvasic (1984): "Bird of Passage are also Women...". *International Migration Review*, Vol.18, nº 4, 886-907.

López Merchán, Raquel (2013): "Mujer inmigrante víctima de violencia de género", *REDUR* 11, 199-229.

Oso, Laura (1998): *La migración hacia España de mujeres jefas de hogar*, Instituto de la Mujer, Madrid.

Oso, Laura; Garson, Jean-Pierre (2005): "The feminisation of international migration", *Migrant women and the Labour Market: Diversity and challenges*, OECD and European Commission Seminar, Bedford Hotel, Brussels, 26-27 september, 16 pp.

Parella Rubio, Sonia (2003): *Mujer, inmigrante y trabajadora, la triple discriminación*, Anthropos, Barcelona.

Sassen, Saskia (1992): *The Mobility of Labour and Capital, a study in International Investment and Labour Flow*, Cambridge University Press, Cambridge.

Vázquez Silva, Iria (2006): "Asociacionismo e integración social dos inmigrantes en Galicia". Estudo encargado polo Servizo Galego de Igualdade. Pendente de publicación.

Vázquez Silva, Iria (2008): "As mulleres subsaharianas en Galicia: diversidades fronte a estereotipos". Tese magister Universidade de Vigo. Documento electrónico de <https://www.google.es/#q=As+mulleres+subsaharianas+en+Galicia%3A+diversidades+fronte+a+estereotipos>. Consultado 09/05/2014.

Vázquez Silva, Iria (2014): *La inmigración senegalesa en Galicia: remesas y cuidados en familias transnacionales*. Tese doutoral: Universidade da Coruña. Pendente de publicación.

Verde Diego, Carmen (2006): "Achegamento psico-social a poboación inmigrante dende o Traballo social", *Fervenzas* nº 9,13-36.

Verde Diego, Carmen (2008): *A integración social das mulleres inmigrantes*. (Proxecto ISMI) Secretaría Xeral de Igualdade, Vicepresidencia da Xunta de Galiza. Pendente de publicación.

Verde Diego, Carmen; Vázquez Silva, Iria (2011): "A perspectiva de xénero na análise dos fenómenos migratorios", *Xénero humano*, nº 2, 47-69.